

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA, ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO, NO ACTO CONMEMORATIVO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2016

Outeiro de Rei, 17 de maio de 2016

Autoridades presentes,  
señoras e señores.

Galicia e a súa lingua débenlle moito ás tertulias.

Tertulias sinxelas ou eruditas, matutinas, vespertinas ou nocturnas, tertulias celebradas nos lugares máis dispares ao redor de calquera tema que permita exhibir esas dúas artes que tan ben dominamos: falar e escoitar.

A nosa cohesión como pobo deriva desa dobre capacidade para expresar o que sentimos e sentir o que os outros nos transmiten.

Hai unha empatía natural no galego que supera fronteiras xeracionais ou ideolóxicas. Débese a moitos factores, pero hoxe cómpre destacar a lingua.

A lingua sempre une porque é o resultado do uso continuado que fai dela un pobo.

Nela están impresos os recordos do pasado. É un código vivo e cambiante escrito por todos e que ninguén pode roubar.

Cada falante deixa a súa pegada, e cada oínte vese transformado polo que escoita.

Manuel María foi poeta, dramaturgo, ensaísta, editor, guionista, militante de moitas causas, pero sobre todo tertuliano. Tiña o don da palabra e cultivaba esa cultura oral na que sempre se distinguiron os nosos creadores.

Fronte ao pensador solitario ou recluído en torres como a de Montaigne, o galego precisa intercambiar os seus achados intelectuais.

A biografía de Manuel María ten fitos marcados polas tertulias máis singulares da época, sempre asociadas a un café, a ese café que segundo George Steiner é un sinal distintivo da cultura europea.

O parisino *Café de Flore*, *A Brasileira* lisboeta, o *Café Greco* de Roma, o *Central* de Viena, ou o *Gijón* madrileño teñen a súa correspondencia entre nós.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Podemos imaxinar a Manuel María no *Méndez Núñez* de Lugo, compartindo ideas con Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Iglesias Alvariño ou Álvaro Cunqueiro.

Case escoitamos a súa voz rotunda no *Español* de Santiago, no medio de Otero Pedrayo, Borobó ou Maside, ou na súa librería *Xístral* en Monforte, ou xa nos seus últimos anos no *Kirs* da Coruña.

Ningunha definición mellor para a figura que loamos neste Día das Letras Galegas que a de "*home de amigos*".

Amigos que configuraron unha 'rede social' entrañable e próxima na que pouco a pouco se foi tecendo o noso país.

Atrévome a suxerir que se a Galicia de hoxe é un fogar de todos e para todos, débese á semente que se plantou nesas tertulias nas que, como di Xesús Alonso Montero, Manuel María mostraba a súa capacidade comunicativa.

Abonda con repasar os seus compoñentes para darse conta da diversidade ideolóxica que nelas se daba.

A lingua servía entón de punto de encontro, e segue sendo hoxe o fío que fai de nós unha comunidade. Nada expresa mellor ese espírito que o fermoso monumento que lle regala a Manuel María a posteridade que merece.

Alí, en Monforte, aparece sentado diante dunha mesa redonda cunha cadeira baleira ao seu carón.

Nesa cadeira pode sentar calquera galego, igual que calquera galego se sente apelado polos seus poemas, ou sabe as cancións que os converteron en música, ou lle le aos seus rapaces os versos precursores da poesía infantil no noso idioma.

É ben sabida a convicción nacionalista de Manuel María, da mesma maneira que non é un segredo a tendencia conservadora de Xosé Filgueira Valverde, a quen celebramos o ano pasado.

Os dous son afluentes do gran río que é a cultura galega. Ambos contribuíron a que o noso idioma estea presente no mundo, facendo patente a nosa maneira de ser.

Se prescindiramos dun ou doutro, a nosa cultura, a nosa lingua, o noso país, estarían incompletos. Galicia sería máis cativa.

Aquel rapaz de dezanove anos que publica *Muiñeiro de brétemas*, convértese nun dos autores máis prolíficos da literatura galega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O segredo quizais estea nesa definición que fai de si mesmo como *"labrego con algo de poeta"*.

Tamén axudarían para esa fertilidade as tertulias das que falamos, 'ágoras' da nosa vida literaria.

Pero é de xustiza destacar a quen o acompañou nos seus innumerables proxectos. Saleta Goi obriga a cambiar o tópico que di que *"de trás dun grande home sempre hai unha gran muller"*.

A súa dona non estivo detrás senón ao seu carón.

Felicito o Concello de Outeiro de Rei pola súa entusiasta colaboración na homenaxe a un dos seus fillos máis senlleiros.

Agradezo o traballo da Fundación Manuel María para difundir un legado que merece ser coñecido e recoñecido, un traballo no que conta co apoio resolto da Xunta de Galicia. E subliño o acerto da Real Academia Galega na súa escolla neste Día das Letras Galegas.

Señoras e señores. Tense imaxinado Galicia de moitas maneiras, pero en honor a Manuel María poderíamos pensar nela como unha gran tertulia na que se fala e se escoita co mesmo anhelos que distinguía o poeta e os seus amigos.

Temos algo moi importante en común: a lingua. Ninguén pode ser alleo a ela.

Moitas grazas.